


Reportaxe

HISTORIA POPULAR DO CONGO

Texto e fotos:
Olivier de Pins e Glen Recourt

**NA MEMORIA**

Kabala na súa oficina co cartel que anunciaba o 'Combate do século'

**ESCENARIO**

O estadio Tata Raphael, en Kinshasa

O 'Combate do século' 30 anos despois: Kinshasa vive á sombra de Mohamed Alí

Hai 30 anos, no corazón de África escribiuse a historia dunha lenda. Kinshasa, a actual capital da República Democrática do Congo (antigo Zaire), acollía o "Combate do século" enfrontando a George Foreman a Mohamed Ali. Esa noite de outubro de 1974, nun ambiente infernal Ali convertíase no boxeador máis grande de todas as épocas, o "meigo da nobre arte". Actualmente dilapidado e caído no esquecemento, o estadio sobrevive no recordo de Ali

Son as tres da mañá daquel 30 de outubro 1974. Dous boxeadores entran na area. O estadio Tata Raphaël de Kinshasa no Zaire (o actual Congo) está cheo. James Brown e outras estrelas americanas garanten o espectáculo desde primeira hora da tarde. O público está excitado e berro o nome do seu heroe: Mohamed Ali. Algunhas mulleres encontran a Georges Foreman guapo. Pero a maioría dos espectadores só teñen ollos para Ali que, cos seus 32 anos, quere reconquistar o título de campión do mundo dos pesos pesados. O mariscal Mobutu Sese Seko, xefe de Estado, que preside o encontro en primeira fila, está entusiasmado. O Zaire é esta noite, o centro do mundo. George Foreman, posuidor do título de campión do mundo dos pesos pesados e Mohamed Ali, o antigo campión do mundo, van agora enfrontarse. "¡Era marabilloso para nós os africanos! Había 5 campións do mundo na sala. Os xornalistas de todo o mundo viñeron para asistir ó encontro do século. Non decepcionaron" garante Pedro Kabala. Xornalista na televisión nacional congoleza desde hai máis de 30 anos, Kabala estaba nas primeiras cabinas. Na terceira fila para ser exacto. Comentaba o partido en diferido para a televisión congoleza. ¿Por que en diferido? "Para deixarlle a exclusividade á televisión americana. Ademais é por iso que a velada comezou ás tres da mañá". Na súa oficina, por todas as partes hai fotografías que lembran o combate. Hai mesmo dúas pequenas luvas de boxeo colgadas nunha parede. Un agasallo de Mohamed Ali na súa primeira entrevista. Un pequeno detalle que fará do xornalista, o primeiro fan do campión. Este combate era excepcional en moitos aspectos. Don King, o famoso promotor, fixera milagres. Os campións debían recibir cada un a suma de 5 millóns de dólares e, como prima, un título de campión do mundo dos pesos pesados para o vencedor. Tales sumas nunca foran postas en xogo ata entón na historia do boxeo. O cartel era tentador. Foreman representaba a mocidade e a potencia. Na época era o boxeador máis prometedor da súa xeración. Ali, que coñecera as desventuras, parecía incapaz de gañar. Non era máis que un rival. Rexurdirá como o máis grande boxeador de todas as épocas.

Gastos faraónicos para unha noite inesquecible

A tensión é palpable no estadio. Máis de 50.000 espectadores fixeron o desprazamento. Os cinco primeiros asaltos están claramente en favor de Foreman. En peso e en tamaño, é superior a 'Cassius Clay'. "Todo o mundo podía observar que Ali tiña medo. Tentaba esquivar os golpes pero a miúdo debía agarrarse ó 'touro' que era Foreman para non caer. Evitaba o centro do cuadrilátero. No terceiro round, Ali cambaleábase. Dominado, non dubida en increpar o seu adversario e cada vez que este último lle daba un golpe: "¿Isto é todo o que podes facer, cabrón?"

Reportaxe

Ali é un provocador. As semanas anteriores ó combate, divertíase meténdose no campo de adestramento de Foreman para se burlar del. Son esa clase de anécdotas que farán del un mito. Desde a súa chegada a Kinshasa, tres semanas antes do encontro, dedícase a seducir a poboación. O boxeador americano aprende algunhas frases en lingala, lingua do oeste da República Democrática do Congo. En lugar de illarse, prefíre facer footing nos barrios populares da cidade. Simula combates cos nenos. A súa fama alcanza o cumio. Kabala lembra que "xa antes de chegar, Ali xa estaba ben visto polos zaireses". "O seu compromiso co pobo negro nos Estados Unidos ou tamén a súa negativa a ir á guerra de Vietnam percibíronse moi ben aquí", explica. Ali é un personaxe emblemático polas posicións adoptadas. Indignado polo lugar que ocupan os negros no seu país, adhírese ás ideas de Malcom X e convértese ó islam. Cassius Clay convértese en Mohamed Ali. En 1966, négase a ir á guerra en Vietnam. Ó ano seguinte, retíranlle o seu título de campión do mundo. Estalle prohibido boxear durante tres anos. Comprometido politicamente, Ali quere converterse nun dos líderes do mundo negro. A súa ambición vai a cruzarse coa doutro home. A principios dos anos 70, Mobutu, o ditador do Congo, lanza unha gran campaña "de autenticidade". Trátase de volver darlle ó Congo os seus valores ancestrais, africanos. Nacionaliza a economía

A PRINCIPIOS DOS 70, MOBUTU, DITADOR DO CONGO, LANZA A CAMPAÑA DE "AUTENTICIDADE"

e decide cambiar o nome do país. O Congo convértese no Zaire. Mobutu preguntase como dar a coñecer este "novo" país. Ali convértese nun instrumento de comercialización. Estes dous homes totalmente opostos encóntranse sobre un punto: volverlle dar a súa dignidade ó home negro e así converterse en iconas mesmo do terceiro mundo. O combate permitirá promover Zaire (o ex Congo belga) en todo o mundo. O cartel do combate anuncia a cor: "Un encontro entre dous Negros, nun país negro, organizada por Negros e esperado polo mundo enteiro: ¡É aquí unha vitoria do mobutismo!". Para facer vir os dous campións ó centro de África, o home do pucho de leopardo non vai reparar en gastos. As televisións americanas esixen que o partido se retransmita en directo. Isto farase, a pesar dos gastos exorbitantes que iso implica. Para poder desprazar a todos os xornalistas, Mobutu readquire o conxunto de autobuses do mundial de fútbol de 1974 en Alemaña. "De feito, para o país é o principio da bancarrota" insiste a Kabala. O diñeiro non conta. O pobo paga. Só a



LUGARES IRREPETIBLES
Sala na que adestrou Ali antes do combate

ANTES DO COMBATE
Mobutu, xefe do Estado do Zaire, saudando a Ali



DANADO POLO PASO DO TEMPO
Un boxeador entrando no mítico estadio da capital do Congo

TESTEMUÑA DE PRIMEIRA MAN
Pierre Kabala, 30 anos despois de retransmitir o combate



proxeción internacional do país importa.

"Pica como unha abella e baila como unha bolboreta"

"Ali Boma yé!" "¡Ali mátao!" Os espectadores levan a ombros o seu favorito con todas as súas forzas. Ali dubida pero resiste. Belinda, a súa muller, está agarrada á cadeira. Tamén dubida. Pero pouco a pouco Foreman cansa. Os seus golpes vólvense menos precisos. Ali realiza a mellor velada da súa carreira no aspecto táctico. Adopta unha falsa garda e utiliza as cordas segundo a estratexia do "rope-a-dope" (a corda como "dopante"). Dundee, o seu instrutor, segundo a lenda, afrouxaría as cordas para que o seu protexido puidese inserirse profundamente. Joe Frazier e Ken Norton, dous campións do mundo, están na primeira fila. Ali segue provocando a Foreman: "¡Vas caer diante de todo o mundo como un bolso de *fou-fou* (clase de fariña local)!" A súa profecía cúmprese. Á oitava rolda, Ali dirixe unha dereita seca e inevitable. Foreman cae esmagado. KO. Ali recupera o seu cinto de campión do mundo. O estadio está en pé e berra o seu nome. En Kinshasa Ali pasa a ser unha lenda.

Benoît Mukumayi acórdase deste momento que seguiu na televisión. Tiña oito anos. É este combate que lle meteu o bicho do boxeo. "O meu pai era un verdadeiro fanático de Ali. Eu adoraba o seu estilo, a súa técnica, o seu xogo de pernas. É unha honra poder adestrar alí onde o Deus do boxeo adestrou", ex-

BENOÎT MUKUMAYI, ACTUAL CAMPIÓN DO CONGO DOS PESOS PESADOS, ADÉSTRASE NO MÍTICO ESTADIO

plica o actual campión do Congo dos pesos pesados. En efecto é na sala onde Ali se preparou antes do combate que Benoît encadea agora as sesións de adestramento. Todos os días de 6h a 8h da mañá. Unha lámpada ó límite máximo, as paredes descomchadas e algunhas fotografías sobre as paredes, 30 anos despois é todo isto o que queda do lugar mítico. Para Kabala, o xornalista, queda un pequeno sentimento de amargura: "Sempre se lle reprochou que non volvese ós lugares das súas fazañas. "Podería facer feito un esforzo para rehabilitar o estadio e axudar os mozos boxeadores africanos", lamenta. Despois deste partido en 1974, o Zaire vive un verdadeiro entusiasmo polo boxeo. E despois nada máis, falta de medios. Algúns afeccionados aínda veñen pola noite a adestrar no estadio. Por todas as partes hai familias que ocupan os sotos. O lugar mítico perdeu a súa magnificencia. A Benoît, que combaterá nun mes, fáltalle de todo. Zapatos con buracos, luvas de boxeo usados, garda porén o desexo de seguir o seu camiño. Na sombra de Mohamed Ali.